


CONMEMORAMOS:

150 ANOS DA TEORÍA DA EVOLUCIÓN, PUBLICACIÓN DO LIBRO "A ORIXE DAS ESPECIES POR MEDIO DA SELECCIÓN NATURAL" (Londres, 24 Novembro 1859), e o bicentenario do nacemento de Robert Charles Darwin (Shrewsbury, 12 feb 1809)



Darwin sentou as bases da Teoría evolucionista que nos permite comprender a orixe de todas as especies, incluído o ser humano; que evolucionaron co tempo, a partir dun antepasado común, mediante un proceso lento de selección natural.

Esta Teoría causou unha gran conmoción na **SOCIEDADE DO SÉCULO XIX** xa que foi publicada nun contexto en que o relato bíblico do Xénese era a única explicación que se admitía sobre a orixe da vida .("O Creacionismo")

HOXE, facemos unha pequena homenaxe a UN HOMEN e A UN LIBRO REVOLUCIONARIOS no ámbito científico e social, xa que cambiaron a nosa forma de entender o mundo e o noso lugar nel.



1. QUEN ERA O XOVEN DARWIN? (1809-1825)



- Darwin xa dende a infancia mostraba o gusto pola Historia Natural e coleccionaba obxectos como cunchas, minerais, insectos...

- Quinto fillo dunha familia inglesa de boa posición, onde a tradición familiar era moi importante. **SABES COMO INFLUÍRON O PAI E O AVÓ, (ERASMUS), NAS INQUIETUDES CIENTÍFICAS DE DARWIN?**



DARWIN ESTUDANTE: (1825-1831)

2. Cando estudaba Mediciña en Edimburgo, nunha conferencia impartida por Edmund Grant sobre as teorías de Lamarck, quedou moi impresionado e así comezou o seu **INTERESE POLAS IDEAS EVOLUCIONISTAS DE LAMARCK**. RECORDAS CALES ERAN?.....



DARWIN DE "MÉDICO A CLÉRIGO "

3. Tras o seu fracaso nos estudos de Mediciña o seu pai enviouno a estudar Teoloxía a Cambridge. Tampouco aquí Darwin mostrou demasiado interese polos estudos académicos, pero soubo aproveitar a VIDA UNIVERSITARIA PARA ESTABLECER CONTACTOS, UN DELES FOI HENSLOW. QUE IMPORTANCIA TIVO NA VIDA DE DARWIN?.....





4. UNHA VIAXE DECISIVA: (1831-1836) " A AVENTURA DE DARWIN NO BEAGLE "

- Cal era a misión da expedición do Beagle dirixida polo capitán **Fitzroy**?


.....
En que consistía o traballo de Darwin a bordo do Beagle?



A VIAXE PREVISTA PARA UN ANO CONVERTIUSE EN CINCO ANOS DE
AVENTURAS QUE CAMBIARON A SÚA VIDA E, O RUMO DA CIENCIA.




5. NACE O "GRAN NATURALISTA do S. XIX" E UN "EXPERTO XEÓLOGO".



Darwin realizaba observacións, recollía datos, mostras flora e fauna perfectamente etiquetadas, estudaba as formacións xeolóxicas e os fósiles en distintos continentes e illas; toda esta experiencia, como bo naturalista rexistrába no seu **DIARIO DE CAMPO: "Journal of Researches"**

IMAXINA QUE TI ES O/A AXUDANTE DE DARWIN NO BEAGLE...
DESCRIBE ALGUNHAS DAS SÚAS ANOTACIÓNNS:





1. Geospiza magnirostris.
3. Geospiza parvula.

2. Geospiza fortis.
4. Certhidea olivacea.

6. AS ILLAS GALÁPAGOS GRANDES PROTAGONISTAS :


DARWIN, contemplaba asombrado a DIVERSIDADE DE ESPECIES vivas nas Galápagos: era moito maior que o que ninguén puidera ter pensado antes. Cada illa tiña o seu propio tipo de tartarugas e paxaros que eran claramente diferentes dos das outras illas.



Este tipo de observacións conduciron a Darwin cara o desenvolvemento da teoría da evolución: pensaba que moi probablemente orixinábanse dunha soa especie que colonizou as illas e que proviña de Sudamérica.

O estudo dos pinzóns foi decisivo, cada unha das 14 especies de pinzóns das Galápagos desenvolveran características que os adaptaban ao seu correspondente nicho ecolóxico.

SEGÚN DARWIN , CALES FORON AS CAUSAS DE QUE AS POBOACIÓNNS DE PINZÓNNS EVOLUCIONARAN INDEPENDENTEMENTE UNHAS DOUTRAS?.....




7. DIFERENZAS MORFOLÓXICAS DA FAUNA ENDÉMICA DAS DISTINTAS ILLAS, EX.: TARTARUGAS


Algo parecido sucedía coas tartarugas xigantes. Encontrou 10 subespecies xigantes adaptadas ao seu ecosistema:

Así, as que viven en vexetación fácil posuían patas curtas, e as de ambientes secos, con comida máis lonxana de acadar, as súas extremidades eran maiores e os seus caparazóns permitían que se alongaran os seus pescozos.

NA BÚSQUEDA DE RESPOSTAS Á CUESTIÓN, POR QUÉ CAMBIAN AS ESPECIES? PODES DEFINIR UN PROCESO CLAVE, A "ADAPTACIÓN" ,




8. DA CURIOSIDADE AO PLANTEXAMENTO DA GRAN CUESTIÓN: COMO SE ORIXINAN AS ESPECIES?



Os sinsontes e as tartarugas xigantes déronlle a Darwin a idea de que as especies non tiñan porqué ser inmutables e que baixo condicións diferentes poderían desenvolverse especies diferentes.


A bordo do Beagle, Darwin adicouse íntegramente a desenvolver A IDEA DA "TRASMUTACIÓN DAS ESPECIES," pero sabes se FOI DARWIN QUEN PROPUZO POR PRIMERA VEZ QUE AS ESPECIES EVOLUCIONAN CO TEMPO?.....



9. ANTES DE PLANTEXARSE UNHA EXPLICACIÓN SOBRE OS CAMBIOS NOS SERES VIVOS ERA NECESARIO DISPOÑER DUN MARCO XEOLÓXICO AXEITADO:

Naquela época, as teorías predominantes eran a **TEORÍA DAS CREACIÓNS SUCESIVAS** e o **CATASTROFISMO**, lembras en que se baseaban estas teorías?.....

Pero Darwin encontrou que moitas das súas **observacións** de fósiles, plantas e animais, e a **EXPLICACIÓN QUE PROPOÑÍA AOS CAMBIOS DAS ESPECIES**, ENCAIXABAN NA **TEORÍA UNIFORMISTA DE LYELL**: unha terra marcada pola acción lenta e gradual dos mesmos fenómenos xeolóxicos que actuaban no presente, ao longo de miles e millóns de anos.




10. O REGRESO... LONDRES , Outubro de 1836

A súa volta ao Reino Unido Darwin era toda unha celebridade nos círculos científicos, sobretodo polas súas comunicacións en Xeoloxía.

Comeza o duro traballo de catalogar e describir as coleccións de especímenes en colaboración con outros naturalistas.

Mentras Darwin preparaba a publicación dos materiais da viaxe," Diario do Beagle", como bo naturalista, escribiu varios cadernos de notas, un deles... ERA O CADERNO "B" SOBRE A "**"TRANSMUTACIÓN DAS ESPECIES"**" e, esta era a páxina 36,QUE REPRESENTA ESTE ESQUEMA?.....

POR QUE CRES QUE LLE CHAMAN "A PRIMEIRA ÁRBORE DA VIDA"?




Xullo de 1837



11. A FAMILIA


Darwin era un home tan metódico que ata o matrimonio convirtiuse para el nunha cuestión 'científica'.

Cando aos 29 anos plantexou a posibilidade de pedirlle á súa prima Emma que casara con el, elaborou unha detallada lista de 'pros' e 'contras' antes de tomar a decisión definitiva. Preocupábase que compartir a súa vida cunha muller e fillos poidera obstaculizar o desenvolvemento do seu gran proxecto intelectual.



En 1839 casou coa sua prima Emma Wedgwood, coa que tivo dez fillos.

COMO TE IMAXINAS A UN DARWIN PAI DE FAMILIA?.....



12. A VIDA EN DOWN, CONSTRUCCIÓN DA TEORÍA DA EVOLUCIÓN

DARWIN estaba convencido da súa "**TEORÍA DA ASCENDENCIA COMÚN**" e de que as especies non tiñan porqué ser inmutables e que **CONDICIONES DIFERENTES PODERÍAN DESENVOLVER ESPECIES DIFERENTES A PARTIR DOUTRA, PERO COMO?**.....



"**O CAMIÑO DE PENSAR**", polo que Darwin camiñaba diariamente reflexionando o sobre as súas observacións e desenvolver as súas hipóteses.

Grazas ás Teorías xeolóxicas de Lyllel, aos seus propios **experimentos sobre cruces e variacións entre razas de plantas e animais domésticos**, e sobretodo grazas á lectura accidental do "**ENSAIO SOBRE O PRINCIPIO DA POBOACIÓN**" de **THOMAS MALTHUS** fan que Darwin poida afirmar:**POR FIN CONSEGUÍN UNHA TEORÍA PARA TRABALLAR!!**

COMO APLICA DARWIN A DOUTRINA DE MALTHUS , "A LOITA POLA SUPERVIVENCIA" ao reino animal e vexetal para explicar a orixe das especies?.....



13. A COMUNICACIÓN COS AMIGOS CIENTÍFICOS.

- DARWIN FOI UN BO EXEMPLO DE como se realiza o "TRABALLO CIENTÍFICO" e o método hipotético deductivo.


LEMBRAS CALES SON OS PASOS DO MÉTODO CIENTÍFICO?.....

Neste proceso era fundamental o TRABALLO EN EQUIPO E UNHA BOA CORRESPONDENCIA:

Mentras estudaba exemplares de museos, zoolóxicos, e lia obras de xeoloxía, historia natural, e filosofía. mantiña correspondencia con colegas de todo o mundo : Brasil, Arxentina, e outros países de Sudamérica, India, China e Xamaica



Nas súas 15.000 cartas explicaba as súas ideas, expoñía as súas hipóteses e pedía información e novos especímenes. Darwin estaba construíndo a TEORÍA DA EVOLUCIÓN BASEADA NA SELECCIÓN NATURAL.



A GRAN IDEA : *“A SELECCIÓN NATURAL”*

14. A GRAN IDEA !!

En tempos de Darwin, a idea dun mundo con faunas cambiantes non era nova. Sen embargo, non había unha teoría sólida que explicase cómo as especies cambiaran .

No proceso de elaboración da TEORÍA DA EVOLUCIÓN , a xenialidade de Darwin consistiu en :

-RECOMPILAR MOITAS EVIDENCIAS, PROBAS, DIRECTAS (ex. Rexistro fósil) E INDIRECTAS (estudo comparado da anatomía , fisioloxía) SOBRE O FEITO DA EVOLUCIÓN.

-TER A GRAN IDEA DE PROPOÑER A SELECCIÓN NATURAL COMO MECANISMO QUE PERMITISE A EVOLUCIÓN , A FORMACIÓN DE NOVAS ESPECIES .

PODES DEFINIR O CONCEPTO DE "SELECCIÓN NATURAL"?.....



UN DESCUBRIMENTO COMPARTIDO , WALLACE 1858



15. DARWIN E WALLACE , 1858

En 1858 Darwin recibiu unha carta de Alfred Russel Wallace, o cal desenvolvera dun modo independente a mesma teoría, as mesmas propostas para resolver o problema "A orixe das especies" no que Darwin levaba traballando máis de vinte anos. Isto provocoulle un gran impacto.

Para evitar a polémica e o debate sobre a prioridade no descubrimento do mecanismo da selección natural, presentaron conjuntamente os seus traballos sobre a **ORIXE DAS ESPECIES** en 1858 , ante la Sociedad linneana de Londres, Wallace figurou como **CODESCUBRIDOR**.


ESTE É UN CASO DE DESCUBRIMENTO CIENTÍFICO MÚLTIPLE .

- COÑECES ALGÚN OUTRO EXEMPLO ?.....Coñeces o caso do "Modelo do ADN" e a inxustiza cometida con Rosalind Franklin?.....



16. O libro «A ORIXE DAS ESPECIES POR MEDIO DA SELECCIÓN NATURAL, OU A PRESERVACIÓN DAS RAZAS FAVORECIDAS NA LOITA POLA EXISTENCIA»
Publícase en Londres , o 24 de noviembre de 1859.


- O mesmo día da publicación , esgotáronse tódolos exemplares.
- Na 3ª edición de 1861, engádense antecedentes e autores da Teoría evolucionista.
- A 6ª edición de 1872 considérase a definitiva, na que o texto pode dividirse en tres partes :
 - A primeira na que describe a teoría da selección natural.
 - Na segunda discute as posibles obxeccións que poden plantexar as súas teorías evolucionistas.
 - A terceira ,son os capítulos finais, onde defende a evolución fronte a explicación creaccionista .
- Poderías citar os principais puntos que DARWIN ENUNCIOU NA SÚA TEORÍA DA EVOLUCIÓN?.....



17. LEMOS A ORIXE DAS ESPECIES

"Probablemente tódolos seres orgánicos que viven e viviron sobre esta Terra descenderon dalguna única forma primordial, á que se lle infundiu vida por primeira vez. Esta opinión sobre a orixe da vida ten a súa grandeza, porque mentres este planeta foi dando voltas segundo a constante lei da gravitación ,esas formas que partiron dun comezo tan sinxelo, produciron por evolución infinitade de formas más e más fermosas e marabillosa, que aínda seguen a evolucionar ."

A orixe das especies. Capítulo 15



18. CONTROVERSIA CIENTÍFICA DA TEORIA DA EVOLUCIÓN

O traballo de Darwin levou á ruptura das Ciencias Naturais co dogma da creación independente das especies e a vida comezou a representarse como unha árbore evolutiva con millóns de ramificacións.


A REACCIÓN DA COMUNIDADE CIENTÍFICA foi inmediata. Os biólogos dividíronse en dúas frontes: **PARTIDARIOS DE DARWIN E DEFENSORES DO ANTIGO FIXISMO.**

-Os antidarwinistas argumentaban que Darwin non poidera explicar a orixe das variacións, nin como se pasaron éstas ás xeracións sucesivas .

Houbo que esperar ás aportacións de Mendel e a Xenética moderna do S.XX que introduciu o concepto de mutación . **PODES EXPLICAR , COMO SE ORIXINAN AS VARIACIÓNS, BASE SOBRE A QUE ACTÚA A SELECCIÓN NATURAL E COMO SE TRANSMITEN XERACIÓN TRAS XERACIÓN?.....**

- Moitos naturalistas que nun principio foran antidarwinistas por motivos relixiosos ou ideolóxicos ,rendéronse á evidencia e inclináronse cada vez máis polo evolucionismo.

- Hoxe Darwin considérase o pai da Bioloxía Moderna.




19. IMPACTO DA OBRA DE DARWIN

A PUBLICACIÓN DA OBRA DE DARWIN NON SO PROVOCOU UNHA REVOLUCIÓN CIENTÍFICA, PRODUCIU ADEMÁIS UN GRAN IMPACTO QUE AFECTOU Á Antropoloxía , Socioloxía, Psicoloxía, Filosofía, Política e Economía.

- Sen dúbida onde máis repercutiu a idea da evolución, despois da Bioloxía, foi no ÁMBITO RELIXIOSO, AO DERRUBAR A "INTERPRETACIÓN CREACIONISTA DA ORIXE DAS ESPECIES", EN QUE CONSISTÍA ?.....

Entre os opositores relixiosos resaltaba o paleontólogo Owen, quen vinte anos antes acollerá entusiasmado as coleccións de fósiles traídas por Darwin na viaxe no Beagle.





AO INCLUIR O SER HUMANO NA TEORÍA DA EVOLUCIÓN acentúase o conflicto entre ciencia e relixión , destaca como exemplo o encendido debate que mantén o obispo anglicano Wilberforce e o naturalista H. Huxley, seguidor de Darwin.

DARWIN FOI SOMETIDO A UNHA CAMPAÑA DE MOFA E DESPRESTIXIO, ante a cal intentou manterse á marxe, seguindo coas súas investigacións, mentres as súa teoría tomaba forza no ámbito científico.

20. Xorden novas correntes filosóficas , relixiosas , evolutivas....

- A afinais do século XIX e comezos do XX, a selección natural converteuse nunha teoría moi impopular e moitos biólogos adoptaron ALTERNATIVAS FILOSÓFICAS EVOLUTIVAS, PODES CITAR ALGÚN EXEMPLO?.....
- Tamén rexorde o creacionismo , definido como "DESEÑO INTELIXENTE", EN QUE CONSISTE?.....





C. DARWIN

El origen de las especies por medio de la selección natural

TOMO I

La traducción del inglés ha sido hecha por Antonio de Zulueta



MADRID, 1931


21. DARWINISMO EN ESPAÑA E EN GALICIA.

- No inicio da segunda metade do século XIX foi o período de difusión da Teoría evolucionista de Darwin e non foi unha época axeitada para integrar na Bioloxía os principios teóricos formulados en "A orixe das especies" en España , CALES FORON AS CAUSAS?.....



- EN QUE CONTEXTO HISTÓRICO TRIUNFAN AS IDEAS DE DARWIN EN ESPAÑA?.....-

QUE DESTACARÍAS DA INTRODUCCIÓN DO DARWINISMO EN GALICIA?.....



Darwin ser humano, modesto, tranquilo, tolerante, amable, sínxelo, afectivo, de mente brillante e reflexiva, observador, teórico e experimentador, con gran capacidade de síntese, razoamentos imaxinativos e críticos, curiosidade científica sen límite e en definitiva amor á Ciencia.

"
e



Cando me vexa obrigado a renunciar á observación
á experimentación , morrerei"

Charles Darwin .